

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PAIS Ó CONSELLO ESCOLAR

CIRCULAR INFORMATIVA

De acordo coa Convocatoria do día 8 do mes de outubro, recórdase que o próximo **día 26 de novembro**, LUNS, en horario de **9 á 9:30, de 13:45 á 14:15 e de 16:15 á 19:30 horas**, celébrase neste centro a votación para a elección de representantes dos pais de alumnos no Consello Escolar do Colexio.

Para participar na referida votación, tal como se sinalaba na citada Convocatoria, procederase da forma seguinte:

1º.- Quen pode votar.

Teñen dereito a votar tódolos pais ou titores legais dos alumnos matriculados no centro e que figuran no censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ámbolos dous.

2º.- Modo de emitir o voto.

- a) O voto será directo, secreto e non delegable.
- b) As papeletas da votación serán, obrigatoriamente, as previamente fixadas pola Xunta Electoral do Centro, papeletas das que haberá cantidade suficiente no local da votación.
- c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos, por orde alfabético de apelidos, e cada elector deberá marcar cunha cruz **dous nomes** dos candidatos relacionados, debendo acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante a exhibición do D.N.I. ou documento similar.
- d) Finalizada a votación procederase ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a acta correspondente.
- e) Os candidatos son: **Dna. Sandra Babio Suárez, D. Ángel González Grueiro e Dna. Laura Pita Martínez**

A dirección deste Colexio anima a tódolos pais de alumnos a que participen na votación do próximo luns, como unha forma máis de colaboración na organización do centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais de alumnos no Consello Escolar do mesmo.

Mondego, Sada, 22 de novembro de 2018

O director do centro.

Asdo. Odilo Airás López.

